

presentando solicitude de rectificación da súa autoliquidación ante o delegado ou administrador da Axencia Estatal de Administración Tributaria competente por razón do domicilio fiscal do contribuínte, nos termos previstos na disposición adicional terceira do Real decreto 1163/1990, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para a realización de devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria («Boletín Oficial del Estado» do 25).

Estas solicitudes de rectificación poderán presentarse a partir da entrada en vigor desta orde.

Disposición derradeira única.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 22 de xaneiro de 2003.

MONTORO ROMERO

Secretario de estado de Facenda e director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**1690** *ORDE PRE/88/2003, do 27 de xaneiro, pola que, para os efectos dos reais decretos leis 7/2002, do 22 de novembro, e 8/2002, do 13 de decembro, se amplían os termos municipais e núcleos de poboación da Comunidade Autónoma de Galicia e se determinan os correspondentes ó Principado de Asturias e a Comunidade Autónoma de Cantabria.* («BOE» 24, do 28-1-2003.)

A Orde PRE/3044/2002, do 3 de decembro, estableceu os termos municipais e núcleos de poboación ós que resultaban de aplicación as medidas previstas no Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige», en cumprimento do disposto no parágrafo terceiro do artigo 1 do citado real decreto lei.

Posteriormente a Orde PRE/3108/2002, do 9 de decembro previu a inclusión de novos municipios das provincias da Coruña e Pontevedra da Comunidade Autónoma de Galicia ós que tamén resultaban de aplicación as medidas contidas no Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige».

A Delegación do Goberno en Galicia propón a inclusión de determinados termos municipais costeiros da provincia de Lugo para os efectos de que a estes lles poidan resultar de aplicación as medidas contidas no Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, na redacción dada mediante o Real decreto lei 8/2002, do 13 de decembro, polo que se amplían as medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige» ás comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e o País Vasco, e se modifica o Real decreto 7/2002, do 22 de novembro.

Así mesmo, o Real decreto lei 8/2002, do 13 de decembro, establece no parágrafo terceiro do seu artigo 1 que por orde do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro da Presidencia, por proposta dos delegados

do Goberno nas comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco, se determinará o ámbito territorial de aplicación das medidas en cada unha das citadas comunidades autónomas por referencia ós termos municipais e núcleos de poboación afectados.

Na súa virtude, por proposta dos delegados do Goberno en Galicia, no Principado de Asturias e Cantabria, dispoño:

**Primeiro.** Para os efectos previstos no Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige» e o Real decreto lei 8/2002, do 13 de decembro, polo que se amplían as medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige» ás comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco, e se modifica o Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, os termos municipais e núcleos de poboación da Comunidade Autónoma de Galicia ós que se amplía a aplicación das medidas contidas nos citados reais decretos leis, así como os termos municipais e núcleos de poboación afectados nas comunidades autónomas do Principado de Asturias e de Cantabria son os que figuran no anexo desta orde.

**Segundo.** Para os efectos das accións reparadoras que van levar a cabo os departamentos ministeriais competentes a que se refiren os reais decretos leis 7/2002, do 22 de novembro, e 8/2002, do 13 de decembro, entenderanse tamén incluídos aqueles outros para a correcta execución das obras necesarias dos cales sexan imprescindibles as actuacións dos ditos departamentos.

**Terceiro.** Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 27 de xaneiro de 2003.

RAJOY BREY

### ANEXO

**Relación de termos municipais e núcleos de poboación da Comunidade Autónoma de Galicia ós que se amplía o ámbito de aplicación do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, e do Real decreto lei 8/2002, do 13 de decembro, así como dos correspondentes ó Principado de Asturias e á Comunidade Autónoma de Cantabria**

#### *Galicia*

Lugo:

Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Ribadeo, O Vicedo, Viveiro, Xove.

#### *Principado de Asturias*

Avilés, Caravia, Carreño, Castrillón, Castropol, Coaña, Colunga, Cudillero, El Franco, Gijón, Gozón, Llanes, Muros del Nalón, Navia, Ribadedeva, Ribadesella, Soto del Barco, Tapia de Casariego, Valdés e Villaviciosa.

#### *Cantabria*

Alfoz de Lloredo, Arnauero, Astillero El, Bárcena de Cicero, Bareyo, Camargo, Castro Urdiales, Colindres, Comillas, Escalante, Laredo, Liendo, Marina de Cudeyo, Miengo, Noja, Piélagos, Ribamontán al Mar, Ruiloba, Santa Cruz de Bezana, Santander, Santillana del Mar, Santoña, San Vicente de la Barquera, Suances, Valdáliga, Val de San Vicente.